

Alejandro GUILLÉN

## Ladaíñas

Aínda que deixara os meus pasos polos teus camiños,  
Non sabes quen son.  
Sei que me agardaches baixo a chuvia,  
Tan túa como a túa pel de mar,  
E sei tamén  
Que por min trouxeches os teus mellores soles,  
O teu aroma verde e a túa mel do monte e, a pesar de todo,  
Non sabes quen son.

Probei a túa lingua, sumerxínme nas tuas augas  
Frías, máis alá do inverno que te trouxo  
A esta vida monocroma,  
Que tenramente te foi roubando,  
Con estes ollos murchos, as cores cálidas que visten  
As túas formas,  
Para así poder ataviar unha alma impúdica e allada,  
Coas follas do outono e os retallos dos teus ceos.  
E a pesar de todo aquilo,  
Non sabes quen son.

Ceguei a ti.  
Seguinte polos teus ollos de oliva,  
E na túa costa arriei a bandeira da melancolía,  
Que impía rela as miñas horas,  
E que avidamente me morde.

Ceguei a ti, desterrado, sen que saibas quen son.  
E a pesar de que alí, onde as tuas augas brillan,  
Atopei un sitio  
Para anclar a última ladaíña deste canso corazón  
Que es teu agora,  
Non sabes quen son.

Pois, máis alá das unllas do ocaso e das sedas do alba,  
Préstasme un intre da túa historia.  
Un intre de teu tempo me prestas  
E, entonces, me ves e me tocas cos teus finos dedos  
Que deixa caer o sol sobre os cristais que te bañan  
E que te rodean.

E,  
Agora que son teu e que coñeces as miñas cicatrices  
de gris asfalto,  
Agora que viñen a traerte estas flores  
De terra adentro,  
Agora que invadín o altar das túas deidades  
paganas,  
Agora que declarei túa pel como  
a miña única patria,  
Xa sabes quen son.